

BASES DO 1º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA POLA IGUALDADE DO RODOLFO UCHA

OBXECTO

O CIFP Rodolfo Ucha convoca a primeira edición do concurso de fotografía para subliñar a igualdade de capacidades e de dereitos con independencia do xénero, a nacionalidade, a raza, as crenzas ou a orientación sexual que se posúa.

PODEN PARTICIPAR

As alumnas e os alumnos matriculados no 2019-2020.

O resto da comunidade educativa do CIFP Rodolfo Ucha.

REQUISITOS

Cada participante, de pertencer ao alumnado, deberá identificarse co nome e apelidos e máis o curso, ciclo e réxime no que estea matriculado. De formar parte do profesorado ou do PAS abundará co nome e apelidos.

A fotografía deberá ir titulada.

MODO DE PARTICIPACIÓN E FORMATO

Cada participante **enviará unha única fotografía ao enderezo de correo**

cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.gal

Esta **remitirase como un ficheiro achegado** ao correo electrónico. No **corpo do correo constarán os requisitos** (o nome e apelidos da persoa concursante, o curso, ciclo e réxime no que está matriculada, se é o caso, e o título da foto). O **asunto** do correo electrónico será **Concurso de fotografía**.

As obras serán da autoría do participante, orixinais, inéditas (en calquera medio ou soporte) e non terán sido premiadas en ningún outro certame.

Os/as participantes cederanlle ao CIFP Rodolfo Ucha o dereito para reproducir, parcial ou totalmente, a fotografía nos medios que o centro considere oportunos (revista impresa e/ou dixital, páxina web, obxectos publicitarios do centro, etc.), sempre citando a autora ou autor e sen máis manipulación que o tamaño, de ser necesario.

Non se admitirá foto ningunha que non cumpra coas presentes bases ou que se envíe fóra de prazo e/ou forma.

PRAZO

As obras poderán enviarse á dirección sinalada (cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.gal) até as 16.00h do luns, día 16 de decembro de 2019.

XURADO

O xurado estará integrado por membros da dirección do centro e/ou da comisión de igualdade.

As decisións do xurado serán tomadas por maioría e serán irrevogables. Para seleccionar a fotografía gañadora terase en conta non só a calidade e beleza da fotografía senón ante todo que faga referencia á temática do concurso. O xurado non coñecerá a autoría das obras até despois de emitir o seu fallo que se publicará na páxina WEB do centro antes de que comecen as vacacións de Nadal.

PREMIOS

Aínda que **todos os participantes recibirán un lapis de memoria de agasallo**, os premios resérvanse só aos participantes que formen parte do alumnado e serán en forma de tarxeta-regalo ou bono para investir en calquera departamento dunha cadea comercial.

Establécense **segundo as condicións de participación seguintes:**

A. **De presentárense até vinte fotografías:**

Un único premio: **unha tarxeta-regalo de 100€**

B. **De presentárense máis de vinte fotos:**

Primeiro premio: **unha tarxeta-regalo de 100€**

Segundo premio: **unha tarxeta regalo de 50€**

Poderase anular o primeiro premio, se o xurado estima que ningunha foto ten, dentro da temática pedida, a calidade suficiente para recibilo. De darse esta situación no caso (A), o galardón pasaría a ser de 50€.

Tamén o xurado resérvase o dereito de declarar deserto o concurso se as obras presentadas non acadan un mínimo de calidade ou se saen do obxecto do concurso.

ADHESIÓN

A participación neste concurso supón a aceptación das súas bases.